



## **PR780A-Subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais.**

### **Asunto: Resolución de adxudicación**

#### **ANTECEDENTES**

1. Mediante Resolución da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) do 26 de febreiro de 2019 (DOG núm. 50, do 12 de marzo) aprobáronse as bases reguladoras e convocáronse subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia no ano 2019, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

2. Acoléndose á dita convocatoria, presentaron solicitudes de subvención para executar a actuación referida as seguintes entidades:

A FEGAMP, o Concello da Coruña, o Concello de Cangas, o Concello de Pontevedra, a Deputación Provincial da Coruña, a Deputación Provincial de Lugo, a Deputación Provincial de Ourense, a Deputación Provincial de Pontevedra e a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

3. Con data do 29.05.2019 reuniuse a comisión de valoración prevista na convocatoria para a análise das solicitudes presentadas, propoñendo a seguinte valoración:

A FEGAMP: 57,5 puntos; o Concello da Coruña: 50 puntos; o Concello de Cangas: 17 puntos; o Concello de Pontevedra: 43 puntos; a Deputación Provincial da Coruña: 67,3 puntos; a Deputación Provincial de Lugo: 53,5 puntos; a Deputación Provincial de Ourense: 59,2 puntos; a Deputación Provincial de Pontevedra: 57,1 puntos; e a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo: 46,5 puntos.

4. Con data do 11.06.2019 reuniuse a Comisión Paritaria de Formación Local da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante a Comisión Paritaria) e emitiu informe sobre os anteditos plans de formación, resultando aprobados todos eles agás o do Concello de Cangas, co que se puido emitir o informe que serviu de base á proposta de resolución.

5. Con data do 20.06.2019 o órgano instrutor realizou unha proposta de resolución e enviou os requirimentos de adaptación ás entidades promotoras dos plans de formación local ao importe concedido e indicado na dita proposta de resolución.

6. Dentro do prazo concedido, as entidades requiridas achegaron, mediante o





procedemento exixido, as súas respectivas adaptacións agás a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. As adaptacións presentadas contan coa conformidade da Comisión de Valoración.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeira.** De acordo coa base 16ª da convocatoria, a resolución de concesión das subvencións que se outorguen será competencia da directora da EGAP. Esta resolución dítase logo dos informes que se mencionan nas bases 12ª e 15ª.

A dita competencia atópase delegada no secretario xeral da Escola en virtude do disposto polo apartado primeiro letra i) da Resolución do director da EGAP do 17 de decembro de 2007.

**Segunda.** Segundo a base 15ª.1 da convocatoria, a Comisión Paritaria deberá emitir informe e aprobar con carácter previo os plans de formación que concorran á convocatoria de subvencións.

O citado órgano emitiu informe favorable de concesión das subvencións o 11.06.2019 e para determinar o importe do investimento subvencionado ou custo elixible e fixar a contía máxima de axuda, tivéronse en conta os criterios recollidos na base 17ª das bases reguladoras da convocatoria.

**Terceira.** De acordo coa base 15ª.2, á vista do expediente e do informe da Comisión Paritaria, o órgano instructor elaborará a proposta de resolución de concesión de subvencións, debidamente motivada e na cal constará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da axuda e a súa contía.

Con data do 20.06.2019 o órgano instructor formulo unha proposta de resolución na que se propón a adxudicación de subvencións a todas as entidades solicitantes a excepción do Concello de Cangas.

A este último respecto cómpre ter en conta que a base 14ª.6 sinala que aqueles expedientes administrativos “que non cumpran coas exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, serán obxecto de resolución de denegación”.

Unha das exixencias contidas nas bases é a recollida na base 17ª.2 que sinala que “para a súa aprobación, o plan presentado deberá obter unha puntuación mínima de 35 puntos”. Todos os plans presentados superaron esta puntuación mínima a excepción do plan formulado polo Concello de Cangas que foi puntuado con 17 puntos, razón pola que na





proposta de resolución do órgano instrutor sinalase a procedencia da denegación da subvención solicitada para este plan, o que debe ser declarado mediante esta resolución.

**Cuarta.** Segundo a antedita base 14ª.6 “cando o importe da proposta de subvención sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, instarase a beneficiaria para que no prazo de quince días reformule a solicitude e adapte o plan de formación ao devandito importe, respectando, en todo caso, as directrices do plan inicial. Os órganos de valoración darán a súa conformidade ás adaptacións”.

Na citada proposta de resolución o órgano instrutor propuña requirir ás interesadas a adaptación da súa solicitude ao importe que figuraba na propia proposta de resolución. Para isto concedéuselles un prazo de quince días, sinalándose no dito requirimento que este debía de ser atendido mediante a presentación da documentación correspondente a través do portal FEDAP e advertíndoselles de que se no se producía a reformulación no prazo mencionado, se lles declararían desistidas de súa petición.

Todas as beneficiarias atenderon o requirimento no prazo e na forma requiridas a excepción da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, polo que procede que esta sexa declarada desistida na súa petición mediante esta resolución, de acordo co sinalado polos artigos 68 e 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Polo que respecta ás demais solicitantes, a comisión de valoración deu a súa conformidade ás adaptacións realizadas.

**Quinta.** Segundo a base 15ª.3, elaborada a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da axuda e a súa contía, “e sempre con anterioridade á resolución do procedemento, efectuarase o trámite de audiencia, por un prazo de 10 días. Con todo, poderá prescindirse do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos, nin outras alegacións ou probas que as aducidas polos interesados”.

Neste procedemento só se tiveron en conta aqueles feitos, alegacións ou probas aducidos polas propias interesadas, polo que se prescindiu do trámite de audiencia.

Sobre a base dos anteriores antecedentes e consideracións legais e técnicas e na Lei na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e a normativa vixente en materia de subvencións, **RESOLVO** :

**Primeiro: Conceder as axudas económicas para o financiamento dos plans de formación das entidades que se reflicten no anexo**, con indicación das beneficiarias e o importe da





axuda. O gasto orixinado polas ditas subvencións impútanse ás seguintes aplicacións orzamentarias:

1º 05.80.122B.460.1 para as subvencións de plans unitarios e plans agrupados

2º 05.80.122B.481.0 para a subvención do plan interadministrativo

**Segundo: Informar ás adxudicatarias de subvencións con importe non superior a 18.000 euros** que, de acordo co disposto pola base 20ª, **poderanse realizar pagos anticipados por importe ata o 80% da subvención outorgada**, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. As entidades beneficiadas deberán xustificar o pagamento que da lugar a subvención de acordo co previsto na base 22ª da convocatoria.

**Terceiro: Advertir ás entidades beneficiarias do seguinte:**

1. Só serán subvencionables os gastos que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2019 e que se atopen efectivamente pagados o 5 de decembro de 2019, data de finalización do período de xustificación.

A partir do momento da adxudicación das subvencións, as entidades beneficiarias poderán modificar os seus plans de formación, debendo realizalo mediante solicitude que se dirixirá a Comisión Paritaria antes do 15 de outubro de 2019, unicamente no caso daquelas modificacións que se consideren substanciais.

2. A xustificación realizarase mediante a achega á EGAP da correspondente conta xustificativa na forma e que se determina na convocatoria na súa base 22ª.

3. De acordo co establecido no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, se transcorrido o prazo de xustificación a beneficiaria non presenta a documentación xustificativa, a Egap requiriraa para que no prazo improrrogable de 10 días, sexa presentada, con apercibimento de que a falta de presentación dará lugar perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, á exixencia de reintegro e ás demais responsabilidades establecidas na lei de subvencións de Galicia.

4. As beneficiarias deberán incorporar de forma visible no material de difusión das actividades formativas subvencionados o seu financiamento público.

**Cuarto: Denegar a concesión da axuda ao Concello de Cangas** por non superar o seu plan de formación o limiar de 35 puntos fixado na base décimo sétima da convocatoria.





**Quinto: Declarar desistida na súa solicitude á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo** por non ter atendido o requirimento de adaptación do seu plan dentro do prazo concedido nin mediante o procedemento sinalado no dito requirimento.

**Sexto: Ordenar que se notifique esta resolución de concesión** a través do portal Fedap, coa advertencia de que unha vez transcorridos dez (10) días hábiles desde que se produza a dita notificación, se o interesado non renuncia expresamente á axuda, adquirirá a condición de beneficiario.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante a directora da EGAP, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo comúns das administracións públicas, ou directamente, recurso contencioso administrativo perante a os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co establecido nos artigos 8.2 a), 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora da EGAP

P.D. (Resolución do 17.12.2007, DOG. núm. 3, do 02.01.2008)

Secretario xeral da EGAP

Sergio Domingo Baamonde Boquete



**ANEXO I: PLANS APROBADOS**

| Plans unitarios |                        |                      |                            |
|-----------------|------------------------|----------------------|----------------------------|
| N.º expediente  | Beneficiarias          | Orzamento solicitado | Importe da axuda concedida |
| 11              | Concello da Coruña     | 238.950€             | 15.727,60€                 |
| 4               | Concello de Pontevedra | 39.546 €             | 5.559,93 €                 |

| Plans agrupados |                                     |                      |                            |
|-----------------|-------------------------------------|----------------------|----------------------------|
| N.º expediente  | Beneficiarias                       | Orzamento solicitado | Importe da axuda concedida |
| 2               | Deputación Provincial de Lugo       | 65. 400 €            | 49.262,30 €                |
| 5               | Deputación Provincial da Coruña     | 211.696 €            | 104.172,09 €               |
| 7               | Deputación Provincial de Ourense    | 287.605 €            | 55.544,59€                 |
| 3               | Deputación Provincial de Pontevedra | 127.490 €            | 67.299,24€                 |

| Plan interadministrativo |   |                      |                            |
|--------------------------|---|----------------------|----------------------------|
| N.º expediente           | Beneficiaria                                | Orzamento solicitado | Importe da axuda concedida |
| 1                        | Federación Galega de Municipios e Provincia | 107.300€             | 98.602 €                   |

**ANEXO II: PLANS NON APROBADOS**

|  |                    |   |   |
|--|--------------------|---|---|
|  | Concello de Cangas | - | - |
|--|--------------------|---|---|

**ANEXO III: SOLICITUDES DESISTIDAS**

|  |  |   |   |
|--|--|---|---|
|  | Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo | - | - |
|--|--|---|---|

